

Comisión de Divulgación do CITMAga**Acta da reunión ordinaria celebrada o 25 de xaneiro de 2024****Membros presentes:**

Dna. Marta Pérez Rodríguez
Dna. María Isabel Borrajo García
D. Miguel Picos Maiztegui
Dna. Laura López Paz
D. Miguel Brozos Vázquez

Orde do día

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Actualización das actividades do "Día internacional da muller e a nena na ciencia".
3. Xornada de introdución a obradoiros divulgativos.
4. Relación con asociacións de divulgación científica.
5. Preparación dos próximos chamamentos.
6. Calendario de actividades.
7. Quenda aberta de intervencións.

Iníciase a sesión ás 11:30 horas do día 25 de xaneiro de 2023, baixo a presidencia de Miguel Brozos, de forma virtual a través de MS Teams e actuando como secretaria Laura López Paz.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Apróbase a acta da reunión anterior da Comisión de Divulgación do CITMAga.

2. Actualización das actividades do "Día internacional da muller e a nena na ciencia".

Seguimento da xestión das charlas que se farán nos CEIPS e IES de Galicia e a charla que se realizará na Facultade de Matemáticas da USC con motivo do "Día internacional da muller e a nena na ciencia".

3. Xornadas de introdución a obradoiros divulgativos.

A finais de febreiro 2024 realizarase un obradoiro divulgativo. Este obradoiro contará cunha parte teórica e práctica, na que tamén se enfocarán os contidos á perspectiva de xénero. Ao longo do mes de febreiro 2024 farase un chamamento público invitando á nosa rede de contactos a participar nel e farase un rexistro das persoas interesadas a participar nel. Habilitarase unha reunión vía Teams e darase o soporte oportuno.

4. Relación con asociacións de divulgación científica.

Dende o CITMAga contactarase con diferentes asociacións e redes de divulgación científica coa fin de ampliar lazos de comunicación e tecidos de influencia. En principio contactaremos con: Rede DIMA e Divulgacion.

5. Preparación dos próximos chamamentos.

Seguiremos traballando na liña de actuación actual ca finalidade de activar a participación da nosa rede de contactos nas actividades que se realizan no seo do CITMAga.

6. Calendario de actividades.

Revisión de proxectos e chuvia de ideas e propostas sobre as actividades a realizar a curto-medio prazo:

- Feria Isabel Zendal (MARZO 2024, Museos Coruñeses, Persoal investigador do CITMAga da UDC)
- Día Internacional das Matemáticas (MARZO 2024, Concurso)

7. Quenda aberta de intervencións.

O presidente e demais membros da comisión dan a benvida a Miguel Picos Maiztegui e agradecen a súa colaboración.

Acordos adoptados:

- Subida das actas das reunións ó portal de transparencia da web do CITMAga.
- Seguimento do chamamento do "Día da muller e nena na ciencia (11 de febreiro 2024)".
- Preparación dos "Obradoiros divulgativos e actividades de divulgación con perspectiva de xénero".

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12:50 horas, do que como secretaria dou fe, e asino a presente acta.

Laura López Paz
Secretaria da Comisión de Divulgación de CITMAga